

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**11162** *Real decreto 925/2015, do 16 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas.*

No ámbito do Ministerio de Defensa, a execución da política e do planeamento da investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) realizárona dous organismos autónomos, cunha configuración diferencial en relación cos fins e, así mesmo, dúas unidades administrativas integradas na estrutura daquel departamento. En efecto, por un lado, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA), que é un organismo autónomo adscrito á Secretaría de Estado de Defensa e que, ademais, ten a consideración de organismo público de investigación (OPI) da Administración xeral do Estado, de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e o organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (Cehipar), que se encontra adscrito ao dito ministerio, ben que a través da Dirección Xeral de Armamento e Material (DXAM); por outro lado, o instituto tecnolóxico «La Marañosa» (ITM), que depende da citada dirección xeral, e o Laboratorio de Enxeñeiros do Exército «General Marvá» (Labinge), con dependencia directa da Dirección Xeral de Infraestrutura.

O mencionado INTA foi fundado no ano 1942 e está especializado na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial, mentres que o Cehipar, erixido no ano 1933, se centra na investigación hidrodinámica para coadxuvar no progreso da técnica naval española.

Pola súa parte, o ITM, creado no ano 2006, tras un proceso de integración de seis centros tecnolóxicos da referida DXAM, algúns deles con máis dun século de antigüidade, conta con importantes áreas tecnolóxicas para o cumprimento das misións que ten encomendadas de asesoramento, avaliación, probas, ensaios e observacións tecnolóxicas, dirección técnica de proxectos de investigación e desenvolvemento en temas de armamento, material e equipamentos, e o Labinge, que data do ano 1897, presta apoio técnico ao dito ministerio en todo o relacionado, entre outros aspectos, coa infraestrutura e cos materiais empregados nas construcións e obras militares.

Sen prexuízo de que o INTA, como OPI especializado na investigación e desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial, veu desempeñando as funcións que lle atribuíu a Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, e posteriormente a citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, a finalidade de todos eses centros era a execución de actividades que desen resposta ás necesidades tecnolóxicas da defensa, presentes e futuras, tanto en experimentación, en actividades de I+D+i como en mantemento do coñecemento tecnolóxico. Ademais, as súas capacidades excedentarias viñéronse dedicando a apoiar os axentes industriais e de I+D+i, en tecnoloxías duais.

Os motivos que demandaban unha necesidade de racionalización eran diversos e emanaban, en último termo, do feito de que eses centros se estableceron para dar servizo a beneficiarios distintos baixo criterios diferentes. O resultado de todo iso facía necesario corrixir as duplicidades e carencias existentes, así como adecuar a súa organización e estrutura.

Por outro lado, dentro do proceso de racionalización das estruturas da Administración xeral do Estado, levada a cabo polo Goberno, co fin de lograr unha mellor e máis eficaz xestión dos organismos administrativos, e a redución neste ámbito do gasto público, a Comisión para a Reforma da Administración Pública (CORA), creada polo Acordo de Consello de Ministros do 26 de outubro de 2012, elaborou estudos en relación cos entes e organismos públicos existentes, valorando se se cumpren os criterios que deberían

xustificar a súa existencia individualizada de entidades dotadas de personalidade xurídica propia.

Como resultado da dita análise, a CORA, mediante informe enviado ao Consello de Ministros o día 21 de xuño de 2013, entre outras propostas de medidas, incluíu a integración no INTA do organismo autónomo Cehipar.

Froito do anterior, o artigo 2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, aprobou a integración no INTA do organismo autónomo Cehipar, do ITM e do Labinge, e estableceu no seu punto 2 que o INTA, como OPI, seguirá executando actividades de investigación científica e técnica, así como de prestación de servizos tecnolóxicos, e estará especializado na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico, de carácter dual, nos ámbitos aeroespacial, da aeronáutica, da hidrodinámica e das tecnoloxías da defensa e seguridade; así mesmo, subrogarase nas funcións e na titularidade dos dereitos e das obrigas e de toda clase de relacións xurídicas que lles correspondan.

A través desta integraciónponse fin á dispersión existente entre os diferentes organismos e centros de investigación do Ministerio de Defensa.

O INTA que, como anteriormente se expuxo, conserva a condición de OPI da Administración xeral do Estado, de acordo coas referidas leis 14/2011, do 1 de xuño, e 15/2014, do 16 de setembro, terá como finalidade a execución de actividades de investigación científica e técnica, así como de prestación de servizos tecnolóxicos no marco das prioridades da citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, o Plan estatal de investigación científica e técnica e o Plan estatal de innovación, e os programas marco da Unión Europea, en consonancia coas necesidades que lle poida requirir o Ministerio de Defensa para atender as exixencias da defensa nacional, pero sen que por iso se exclúan outras prestacións de servizos no ámbito das súas funcións e competencias con sociedades mercantís, entidades ou organismos públicos, nacionais, estranxeiros ou supranacionais, o que, pola súa vez, permitirá atender e incrementar, dunha maneira máis coordinada e con máis amplitude de campos de actividade, a participación da industria, da universidade e dos centros tecnolóxicos nacionais, de acordo cos obxectivos da indicada Lei 14/2011, do 1 de xuño. Ademais, a maior eficiencia na optimización dos recursos supoñerá unha importante achega do Ministerio de Defensa á sociedade do coñecemento e ao tecido industrial e tecnolóxico español.

Esta integración vai constituír a canle apropiada para unir esforzos na xestión e, ademais, permitirá concentrar todas as actividades de execución de I+D+i do Ministerio de Defensa nun só instituto, o que o facultará para desprezar as súas actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, así como de prestación de servizos tecnolóxicos, promoción e difusión do coñecemento, nos diferentes ámbitos da súa competencia, a través das instalacións dos tres campus científico-tecnolóxicos de que dispoñerá e que estarán radicados en Torrejón de Ardoz, en El Pardo e en San Martín de la Vega, dentro da Comunidade Autónoma de Madrid. En cada un destes tres campus situaranse os diferentes departamentos tecnolóxicos que van levar a cabo a execución das actividades que vai desprezar o organismo e que terán dependencia orgánica e funcional das respectivas subdireccións xerais. Ademais, contará con diversos centros de instalacións científico-técnicas distribuídos pola xeografía española.

O resultado desta integración é un organismo que permite unha simplificación nas tarefas administrativas, derivada da fusión das unidades de xestión, da maior eficiencia no emprego dos recursos e das economías de escala que comporta. Ademais, dótase o dito organismo da capacidade de xeración de recursos, que é consecuente coa política de sustentabilidade financeira e co interese público derivado do estrito cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, economía, suficiencia, adecuación dos medios aos fins institucionais, racionalización e axilidade dos procedementos administrativos para o mellor cumprimento das funcións no desenvolvemento da actividade que se lle encomenda.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de outubro de 2015,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do estatuto e integración efectiva no Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas».*

1. En virtude do disposto no artigo 2.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, apróbase o Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», en diante INTA, cuxo texto se inclúe a continuación.

2. De acordo co disposto no artigo 2.1 e 3 da mencionada Lei 15/2014, do 16 de setembro, a partir da entrada en vigor deste real decreto faise efectiva a integración no organismo público de investigación INTA do organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo, en diante Cehipar, así como do Instituto Tecnolóxico «La Marañosa», en diante ITM, e do Laboratorio de Enxeñeiros do Exército «General Marvá», en diante Labinge.

3. Os gastos e ingresos que xeren o Cehipar, ITM e Labinge, durante o exercicio de 2015 e con anterioridade a que teña lugar a súa efectiva integración no INTA, serán imputados ao orzamento deste organismo autónomo, aprobado en virtude da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

Disposición adicional primeira. *Integración de patrimonios.*

1. Todos os bens, dereitos e obrigas constituíntes do patrimonio do organismo autónomo que se integra quedan incorporados ao patrimonio do INTA, no momento da entrada en vigor deste real decreto.

2. De conformidade co previsto no artigo 2.2, parágrafo segundo da mencionada Lei 15/2014, do 16 de setembro, o INTA subrogarase nas funcións e na titularidade dos dereitos e das obrigas e de toda clase de relacións xurídicas que correspondan ao Cehipar, ITM e Labinge.

3. Os cambios de titularidade dos citados dereitos, obrigas e relacións xurídicas que correspondan ao organismo autónomo ou unidades administrativas integradas, producidos a consecuencia da subrogación a que se refire o punto anterior, non darán lugar en ningún caso á extinción dos contratos ou das relacións xurídicas preexistentes.

4. Na data da entrada en vigor do estatuto que aproba este real decreto, o persoal responsable do Cehipar, ITM e Labinge realizará un inventario detallado respecto de todo o mobiliario, vehículos e demais utensilios existentes e integrantes dos diferentes laboratorios, edificios e instalacións que se encontraban destinados a servir aquelas unidades administrativas, para a súa adscrición ao INTA.

Disposición adicional segunda. *Remisión normativa.*

1. Todas as referencias da normativa vixente ao Cehipar, ITM e Labinge se entenderán feitas ao INTA.

2. Todas as delegacións de competencia existentes a favor dos directores do Cehipar, ITM e Labinge se entenderán efectuadas ao director xeral do INTA.

Disposición adicional terceira. *Incremento do gasto público.*

O novo estatuto que se aproba mediante este real decreto e as demais medidas que se regulan nel non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Supresión de diversos organismos e unidades.*

1. Quedan suprimidos os seguintes órganos do INTA:
  - a) Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Política Comercial.
  - b) Subdirección Xeral de Investigación e Programas.
  - c) Subdirección Xeral de Experimentación e Certificación.

2. Así mesmo, quedan suprimidos o organismo autónomo Cehipar, creado polo Decreto do 18 de febreiro de 1933, e as unidades administrativas do ITM e do Labinge.

Disposición adicional quinta. *Réxime do persoal dos organismos e unidades suprimidos.*

1. As unidades administrativas e os postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral, encadrados nos organismos afectados por este real decreto, pasarán a depender das subdireccións xerais do INTA, de acordo coas funcións atribuídas a cada unha delas no estatuto que se aproba por medio deste real decreto, sen prexuízo das medidas de desenvolvemento que se poidan adoptar.

2. A todo o persoal afectado pola integración respectaráselle a situación administrativa ou laboral en que se encontre no momento de entrada en vigor deste estatuto e continuará percibindo as súas retribucións con cargo aos créditos aos cales se viñan imputando ata que se adopten as medidas de desenvolvemento deste real decreto.

3. Os empregados públicos dos órganos, organismo autónomo e das unidades administrativas suprimidas integraranse na súa totalidade no INTA.

Disposición transitoria primeira. *Execución orzamentaria.*

1. O INTA asumirá todos os gastos e ingresos relativos á actividade e ao funcionamento dos órganos que se integran, incluído o pagamento de retribucións ao persoal, con cargo ao orzamento integrado do INTA, aprobado en virtude da Lei 36/2014, do 26 de decembro, e do disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. No ano 2015 renderanse dúas contas anuais, correspondentes ao INTA e ao Cehipar do exercicio de 2014, sen prexuízo de que a formulación e aprobación das contas anuais do dito exercicio do Cehipar e a súa rendición ao Tribunal de Contas, nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, corresponderá ao director xeral do INTA.

Disposición transitoria segunda. *Tarifas e prezos públicos.*

1. A retribución dos servizos que preste o INTA a partir da entrada en vigor deste real decreto e ata o 31 de decembro de 2015, e aos cales resulte de aplicación a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, continuarán rexéndose polas disposicións reguladoras sobre a dita materia dos organismos e unidades administrativas que se integran.

2. No prazo de seis de meses desde a data indicada no parágrafo anterior deberá estar aprobada a normativa única que estableza os prezos públicos que deben rexer a prestación dos ditos servizos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas».

b) O Real decreto 451/1995, do 24 de marzo, polo que se reorganiza o organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo.

c) A Orde DEF/3537/2006, do 13 de novembro, pola que se crea o Instituto Tecnolóxico «La Marañosa».

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa.*

O Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, queda modificado como segue:

Un. Suprímense os puntos 4 e 5 do artigo 4.

Dous. Así mesmo, suprímese a letra b) do punto 5 do artigo 6.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o ministro de Defensa para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto, sen prexuízo das autorizacións expresas que nel se recollen.

2. Así mesmo, autorízase o ministro de Defensa para que, por proposta do director xeral do INTA, poida modificar a situación das subdireccións xerais nas diferentes instalacións dos campus previstas no estatuto que se aproba mediante este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, 16 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## ESTATUTO DO INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL «ESTEBAN TERRADAS»

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica e adscrición.*

1. O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA), de acordo co artigo 47 Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e co artigo 2. 1 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, é o organismo público de investigación (OPI), co carácter de organismo autónomo, adscrito ao Ministerio de Defensa a través da súa Secretaría de Estado, dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, conforme o disposto no artigo 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. O INTA, como organismo autónomo, ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar, dentro da súa esfera de competencia, para o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins nos termos previstos neste estatuto, salvo a potestade expropiatoria. Subrogarase nas funcións e na titularidade dos dereitos e das obrigas e de toda clase de relacións xurídicas que correspondan ao organismo autónomo Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (Cehipar), ao Instituto Tecnolóxico «La Marañosa» (ITM) e ao Laboratorio de Enxeñeiros do Exército «General Marvá» (Labinge).

3. De conformidade co disposto nos artigos 43 e 51 da Lei 6/1997, do 14 de abril, corresponde ao Ministerio de Defensa, a través da súa Secretaría de Estado, a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da actividade, así como o control de eficacia, sen prexuízo das competencias atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado en canto á avaliación e ao control de resultados dos organismos públicos integrantes do sector público.



#### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O INTA réxese pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo; pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; polo artigo 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable; pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación; pola Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade, e polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polas normas que desenvolven as citadas leis, por este estatuto e polas demais disposicións que resulten de aplicación.

#### Artigo 3. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de intervención, control financeiro e contabilidade.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais disposicións vixentes sobre estas materias, coas especificacións contidas para os organismos públicos de investigación no artigo 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro.

2. Sen prexuízo das competencias fiscalizadoras atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica e polas demais leis que desenvolven as súas competencias, o INTA estará sometido á función interventora, ao control financeiro permanente e á auditoría pública, que exercerá a Intervención Xeral da Defensa, de conformidade co disposto na mencionada Lei 47/2003, do 26 de novembro.

#### Artigo 4. *Réxime de contratación.*

1. O réxime de contratación do INTA rexeráse, atendendo aos seus diferentes ámbitos, polo disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, na Lei 24/2011, do 1 de agosto, e no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. O director xeral é o órgano de contratación, de acordo co artigo 316.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, e ten as prerrogativas contidas no seu artigo 210. Non obstante, requirirá autorización para contratar nos supostos previstos no artigo 317 do citado texto legal.

Así mesmo, o director xeral poderá delegar as súas facultades, ata a contía que se determine, nos responsables dos órganos económico-financeiros que se considere, para unha mellor eficiencia e eficacia na xestión dos créditos postos á súa disposición.

3. Os contratos de prestación de servizos de investigación e de asistencia técnica que realice o INTA, ao abeiro da mencionada Lei 14/2011, do 1 de xuño, rexeranse polas normas de dereito privado que lle sexan de aplicación.

4. O INTA ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, e poderá asumir encomendas de xestión para a realización de actos de xestión relativos a programas de axudas ou actuacións referidas á promoción da investigación, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación, por parte do Ministerio de Defensa e dos demais departamentos ministeriais con competencias na materia.

As encomendas de xestión serán de execución obrigatoria para o INTA, retribuiranse mediante tarifas suxeitas ao réxime previsto no punto seguinte e levarán consigo a potestade para o órgano que confire a encarga de ditar as instrucións necesarias.

5. A tarifa ou a retribución da encomenda deberán cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos directos e os indirectos e as marxes razoables, acordos co importe daquelas prestacións, para atender desviacións e imprevistos.

A contía da tarifa ou da retribución será fixada polo titular do Ministerio de Defensa.

6. O INTA, actuando co carácter de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, non poderá participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adjudicadores pertencentes a esta, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, se lle poida encargar a execución da prestación obxecto destas.

#### Artigo 5. *Réxime patrimonial.*

1. O réxime patrimonial do INTA será o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro.
2. Os recursos económicos poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens, valores e dereitos que integran o seu patrimonio.
- b) Os produtos e as rendas do dito patrimonio.
- c) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) As transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que poida obter no exercicio das súas actividades, así como os derivados da execución de programas de investigación, experimentación, certificación, ensaios, estudos e outros traballos realizados para o Estado ou entidades públicas e particulares, tanto nacionais coma estranxeiros ou supranacionais.
- f) Os ingresos que poidan derivar da cesión de dereitos de propiedade industrial cuxa titularidade corresponde ao INTA.
- g) Os ingresos que poidan derivar da venda das súas publicacións.
- h) Os beneficios obtidos da súa participación nas sociedades mercantís citadas no artigo 8.
- i) As subvencións, doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares, tanto nacionais como estranxeiras.
- j) Calquera outro recurso que, por precepto legal ou regulamentario, lle poida ser atribuído.

3. O INTA formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible, na forma establecida na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

#### Artigo 6. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo do INTA poderá estar formado:

- a) Por persoal investigador funcionario de carreira ao servizo de organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, que se agrupa nas escalas mencionadas na Lei 14/2011, do 1 de xuño.
- b) Por persoal técnico funcionario de carreira ao servizo de organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, que se agrupa nas escalas mencionadas na Lei 14/2011, do 1 de xuño.
- c) Polos funcionarios dos distintos corpos e escalas da Administración, que se rexen pola normativa aplicable aos funcionarios da Administración xeral do Estado.
- d) Por persoal militar, que se rexerá pola súa propia normativa.
- e) Polo persoal laboral, fixo e temporal, que se rexerá polo convenio colectivo e demais normativa que lle resulte de aplicación.

2. A contratación do persoal investigador de carácter laboral levarase a efecto de conformidade co disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Artigo 7. *Finalidade e funcións.*

1. O INTA é o OPI da Administración xeral do Estado que exercerá actividades de investigación científica e técnica, así como de prestación de servizos tecnolóxicos, e estará especializado na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico, de carácter dual, nos ámbitos aeroespacial, da aeronáutica, da hidrodinámica e das tecnoloxías da defensa e seguridade, no marco das prioridades da Lei 14/2011, do 1 de xuño, do Plan estatal de investigación científica e técnica e do Plan estatal de innovación, e os programas marco da Unión Europea.

Así mesmo, actuará no marco das prioridades que lle sexan sinaladas polo Ministerio de Defensa e dentro das directrices de investigación, desenvolvemento e innovación determinadas polo citado departamento, co fin de manter unha acción unitaria coas tecnoloxías de aplicación da defensa, e de acordo coa política científica, tecnolóxica e de innovación do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación definido na citada Lei 14/2011, do 1 de xuño.

2. Corresponden ao INTA as funcións que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, lles atribúe aos organismos públicos de investigación e, en particular, as seguintes:

a) A adquisición, o mantemento e a elevación do nivel das tecnoloxías de aplicación nos ámbitos da súa competencia, especialmente aquelas sinaladas pola política de investigación e desenvolvemento do Ministerio de Defensa, mediante a investigación científica e tecnolóxica propia, e a través dos correspondentes intercambios e cooperación con outros organismos e empresas nacionais e estranxeiros.

b) A definición de obxectivos, programas e proxectos nos ámbitos da súa competencia, colaborando na avaliación e no seguimento destes cando así o requiran o Ministerio de Defensa e os organismos competentes.

c) A adquisición, a potenciación e o fomento da investigación e innovación, de acordo coa política de investigación e desenvolvemento do Ministerio de Defensa, da política científica, tecnolóxica e de innovación do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación definido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, a través dos correspondentes intercambios e cooperación con outros organismos e empresas nacionais, estranxeiras e supranacionais.

d) A formación de persoal científico e técnico nos ámbitos da súa competencia e, se é o caso, mediante a colaboración con universidades e empresas, así como a impartición de cursos de perfeccionamento, prácticas e actividades de investigación, para bolseiros propios ou alleos, que contribúan á súa formación, cualificación e potenciación das súas capacidades.

e) A realización de ensaios, análises e todo tipo de probas e traballos experimentais, para comprobar, homologar e certificar, se é o caso, materiais, compoñentes, equipamentos, sistemas e subsistemas, nos ámbitos da súa competencia.

f) A xestión e a execución dos programas concretos que lle sexan asignados polo Ministerio de Defensa, así como por organismos competentes do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, de acordo coa Lei 14/2011, do 1 de xuño.

g) A xestión e a execución dos programas e proxectos de I+D+i internacionais nos seus respectivos ámbitos, que lle sexan aprobados ou concedidos polos organismos competentes na política de ciencia e tecnoloxía europea.

h) O asesoramento técnico e a prestación de servizos tecnolóxicos, nas diferentes esferas da súa competencia, ao Ministerio de Defensa, ás administracións públicas e ás súas entidades e organismos dependentes que o soliciten, así como a universidades, empresas industriais ou tecnolóxicas, tanto no ámbito nacional como internacional.

i) Actuar como o laboratorio metrolóxico do Ministerio de Defensa e como laboratorio, centro tecnolóxico e servizo técnico, nas áreas da súa competencia, para os organismos públicos, empresas privadas e, en particular, para as Forzas Armadas.

j) A promoción, difusión e divulgación de coñecementos científicos e tecnolóxicos, adquiridos polo instituto, que poidan contribuír ao desenvolvemento da industria nacional,



así como colaborar e manter relacións coas entidades nacionais, estranxeiras e supranacionais de investigación e desenvolvemento.

k) A elaboración de propostas de actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico que contribúan a formular plans e programas do Ministerio de Defensa e outros organismos competentes do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, de acordo coa Lei 14/2011, do 1 de xuño.

l) A certificación de material de defensa tanto a nivel nacional como para apoio á exportación, de acordo coa Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

m) Cantas outras actividades, en relación coa representación en organizacións internacionais, lle sexan encomendadas por organismos competentes do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, de acordo coa Lei 14/2011, do 1 de xuño, ou polo Ministerio de Defensa.

#### Artigo 8. *Actividades.*

1. O INTA poderá realizar todas aquelas actividades que sexan necesarias para o cumprimento das funcións que se mencionan no artigo anterior, dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, incluídas as de carácter comercial e empresarial.

2. Así mesmo, integrará nos seus plans, con carácter prioritario, as actividades de I+D+i de interese para a defensa nacional que lle sexan asignadas pola Secretaría de Estado de Defensa. Tales actividades poderán incluír propostas formuladas polo INTA, segundo o disposto no artigo 7.2.k) anterior e programas destinados a satisfacer necesidades directamente derivadas do proceso de planeamento militar da defensa.

De igual maneira, incluírá as actividades que resulten do Plan estatal de investigación científica e técnica e do Plan estatal de innovación, e dos programas marco da Unión Europea.

3. O organismo manterá unha especial colaboración coas Forzas Armadas no marco das funcións que lle están asignadas e nos diferentes ámbitos da súa competencia.

4. O INTA poderá subscribir convenios de colaboración coas universidades e demais axentes públicos do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, coa Administración autonómica e local, así como con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, institucións e empresas, nos termos previstos na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

5. Así mesmo, poderá participar en proxectos internacionais mediante o establecemento dos oportunos acordos e convenios, de conformidade coa Lei 14/2011, do 1 de xuño.

6. Rexeranse polo dereito privado os contratos de sociedade subscritos polo INTA con ocasión da constitución ou participación en sociedades, así como contratos de colaboración para a valorización e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e contratos de prestación de servizos de investigación e asistencia técnica con entidades públicas e privadas, para a realización de traballos de carácter científico e técnico ou para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación, nos termos que se prevén na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

#### Artigo 9. *Fin da vía administrativa.*

De acordo co establecido na disposición adicional décimo quinta.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, os actos e as resolucións do director xeral do instituto poñen fin á vía administrativa.

Contra tales actos e resolucións só procederá recurso contencioso-administrativo. Con carácter potestativo poderase interpor recurso de reposición.

## CAPÍTULO II

## Da organización do Instituto

*Sección 1.ª Dos órganos de goberno*Artigo 10. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno do INTA son os seguintes:

- a) O Consello Reitor.
- b) O presidente, que o será tamén do Consello Reitor, cargo que recae no secretario de Estado de Defensa.
- c) O director xeral do INTA, que actuará como vicepresidente do Consello Reitor.

Artigo 11. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é un órgano colexiado cos requisitos establecidos no título II, capítulo IV da Lei 6/1997, do 14 de abril, que se poderá reunir en pleno e en comisión permanente.

2. O pleno do Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: o secretario de Estado de Defensa.
- b) Vicepresidente: o director xeral do INTA.
- c) Vogais:
  1. O segundo xefe de Estado Maior do Exército de Terra.
  2. O segundo xefe de Estado Maior da Armada.
  3. O segundo xefe de Estado Maior do Exército do Aire.
  4. O xefe do Estado Maior Conxunto da Defensa.
  5. O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
  6. O director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.
  7. Un representante do Ministerio de Economía e Competitividade con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento.
  8. O director xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial do Ministerio de Economía e Competitividade.
  9. Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento.
  10. Un representante do Ministerio de Fomento con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento.
  11. Un representante do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento.
  12. Un representante da Axencia Estatal de Investigación Consello Superior de Investigacións Científicas nomeado polo Consello Reitor desta.
  13. O interventor xeral da Defensa.

d) Secretario: o secretario xeral do INTA, con voz pero sen voto.

3. A Comisión Permanente estará integrada polos seguintes membros:

- a) Presidente: o director xeral do INTA.
- b) Vogais:
  1. O director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.
  2. O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
  3. O mesmo representante do Ministerio de Economía e Competitividade que para o pleno con categoría, ao menos, de director xeral, nomeado polo ministro do Departamento.

4. O director xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial do Ministerio de Economía e Competitividade.
  5. O interventor xeral da Defensa.
- c) Secretario: o secretario xeral do INTA, con voz pero sen voto.

Artigo 12. *Competencias do Consello Reitor e da comisión permanente.*

1. O Consello Reitor, como órgano de Goberno, ten como funcións principais as de dirixir, orientar, fomentar e facilitar as actividades propias do INTA.

2. Corresponde ao pleno do Consello Reitor:

a) Aprobar o Plan xeral anual de actuación, o Plan de investimentos e o Plan estratéxico, cando así proceda, así como os obxectivos do instituto, coñecer a súa execución e desenvolvemento e velar, xunto co presidente do organismo, polo seu cumprimento.

b) Aprobar o anteproxecto de orzamentos do organismo.

c) Aprobar as memorias de xestión do INTA.

d) Aprobar as propostas de constitución ou participación en sociedades como consecuencia de contratos de sociedade subscritos polo INTA.

e) Coñecer dos estados de gastos e ingresos, da proposta de contas anuais, así como do alleamento dos activos materiais.

f) Velar polo cumprimento dos programas asignados ao INTA nas materias que afecten a defensa nacional, así como de calquera programa nacional que lle sexa asignado pola Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica, polo Ministerio de Defensa ou por outros organismos competentes da Administración xeral do Estado.

g) Coñecer dos convenios de colaboración, memorando de entendemento e acordos que celebre, da participación en proxectos internacionais, así como dos contratos de colaboración para a valorización e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e dos contratos de prestación de servizos de investigación e asistencia técnica con entidades públicas e privadas, para a realización de traballos de carácter científico e técnico ou para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

h) Promover a presenza e contribución do INTA nas actividades científicas, tecnolóxicas, industriais ou comerciais relacionadas coas funcións que se lle atribúen ao organismo neste estatuto.

i) Aprobar o proxecto de modificación do presente estatuto, así como coñecer da organización que derive do seu desenvolvemento e de cantas outras disposicións os afecten.

j) Coñecer das encomendas de xestión que se encarguen ao organismo.

k) Ditar as súas propias normas de funcionamento en todo aquilo que non estea previsto neste estatuto.

l) Coñecer dos plans de igualdade do instituto.

m) Calquera outra competencia necesaria para a consecución dos fins do organismo, que lle poidan corresponder por precepto legal ou regulamentario, ou que expresamente lle sexan atribuídas polo ministro de Defensa ou polo presidente do instituto.

3. Serán competencias indelegables do pleno as sinaladas nas letras a), b), c), d), e), i) e j) do punto anterior.

4. Serán competencias da comisión permanente as seguintes:

a) Desenvolver as misións que lle encomende ou delegue o pleno do Consello Reitor.

b) Velar polo cumprimento dos seus acordos.

Artigo 13. *Funcionamento do Consello Reitor, da comisión permanente e funcións do secretario.*

1. As reunións do pleno do Consello Reitor terán lugar, logo de convocatoria do seu presidente unha vez ao semestre e, con carácter extraordinario, cando así sexa convocado por iniciativa do presidente ou da maioría dos vogais.

2. A comisión permanente reunirse, cando así o considere o seu presidente, para ser informada sobre o desenvolvemento das actuacións do Instituto e, con carácter extraordinario, cando así sexa convocada por iniciativa do presidente ou da maioría dos vogais.

3. O presidente, por petición do Consello Reitor ou por iniciativa propia, poderá convocar ás reunións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, pola súa experiencia na materia ou pola súa posición institucional no organismo, poidan achegar unha información relevante sobre temas incluídos na orde do día.

4. O secretario xeral do INTA, con voz pero sen voto, actuará como secretario do Consello Reitor e da comisión permanente, e terá como funcións:

- a) Preparar os asuntos e documentos que se deban someter á deliberación do Consello Reitor.
- b) Redactar, autorizar as actas e expedir certificacións dos acordos adoptados.
- c) Trasladar os acordos do Consello Reitor.
- d) Realizar calquera outra tarefa que lle sexa encomendada e que sexa inherente á súa condición de secretario do Consello Reitor.

5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e cando concorra algunha causa xustificada, establécese o seguinte réxime de suplencias:

- a) O presidente será suplido polo vicepresidente.
- b) O vicepresidente será suplido polo subdirector xeral de Coordinación e Plans. O mesmo réxime aplicarase cando o director xeral actúe como presidente da comisión permanente.
- c) Os vogais con categoría de director xeral serán suplidos preferentemente por un subdirector xeral da súa propia dirección xeral, nomeados por aqueles. O resto dos vogais serán suplidos nos termos sinalados polo artigo 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- d) O secretario será suplido por quen designe o director xeral do INTA.

6. Os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes e, en caso de empate, dirimirá o voto do presidente. O funcionamento do Consello Reitor e da comisión permanente rexeranse polo establecido neste estatuto e polas normas contidas no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

7. A asistencia ás reunións do Consello Reitor por parte dalgún dos seus membros poderase verificar por procedementos telemáticos, sempre que esta sexa aprobada pola maioría dos seus integrantes.

8. Por razóns de urxencia, cando a natureza da materia que se vaia tratar o requira, o presidente poderá acordar a celebración dunha sesión non presencial por procedementos telemáticos, sen necesidade de constitución presencial do Consello Reitor, con respecto aos trámites esenciais establecidos nos artigos 26 e 27.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Non se poderán utilizar estes procedementos cando as materias que se vaian tratar sexan as descritas no artigo 12, número 2, letras a), b), c), f), g), i) e j), salvo que xa se debatesen con anterioridade ou supoñan modificacións non relevantes.

Acordada a apertura do procedemento, enviaranse aos membros do Consello Reitor con suficiente antelación a convocatoria e a orde do día, así como a documentación correspondente a cada un dos asuntos e as propostas que se consideren oportunas respecto das que se deben tratar, por correo electrónico ou sistema que permita acreditar tanto a data e a hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto de convocatoria, e documentación que se lle debe xuntar, como a de acceso ao seu contido

polos integrantes do Consello Reitor. Entenderase constituído o Consello Reitor cando conste o acceso ao contido de, ao menos, a metade dos seus compoñentes.

Os membros do Consello Reitor deberán pronunciarse no prazo de 72 horas, contado desde a posta á disposición do contido do acto aos interesados, sobre as propostas recibidas. Os acordos adoptaranse por maioría dos compoñentes para os cales conste o acceso ao contido e, en caso de empate, dirimirá o voto do presidente.

9. As actas garantirán a constancia das comunicacións producidas, así como o acceso dos membros ao contido dos acordos adoptados.

Artigo 14. *Facultades dos presidentes do Consello Reitor e da comisión permanente.*

1. Serán facultades do presidente do Consello Reitor:

- a) Ter a súa representación.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello Reitor.
- e) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello Reitor.

2. As facultades establecidas no parágrafo anterior serán exercidas polo presidente da comisión permanente respecto desta.

Artigo 15. *Facultades do presidente do INTA.*

Serán facultades do presidente do INTA, con independencia das que lle corresponden como presidente do Consello Reitor nos termos sinalados no artigo 14, as seguintes:

1. Exercer a representación institucional do INTA ante toda clase de organismos e entidades naqueles casos en que se considere oportuno.
2. Presentar ao ministro de Defensa as memorias de xestión.
3. Presidir o Consello Reitor.
4. Velar polo cumprimento do presente estatuto e das disposicións do Goberno que afecten o instituto.
5. Informar o ministro de Defensa da organización que derive do desenvolvemento deste estatuto e de cantas outras disposicións o afecten.

Artigo 16. *Da dirección xeral.*

1. O INTA terá rango de dirección xeral e o seu titular, que asumirá a súa dirección e xestión, será nomeado e separado conforme o disposto no artigo 18.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

2. En particular, correspóndelle:

- a) Exercer a súa representación ante toda clase de institucións, organismos e entidades públicas e privadas, exercer a dirección de persoal e dos servizos e actividades deste de carácter científico, técnico e administrativo, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan, de acordo coa lexislación vixente, a outras administracións públicas e organismos.
- b) Aprobar gastos e ordenar pagamentos, logo de consignación orzamentaria para este fin.
- c) Elaborar e elevar ao Consello Reitor o escenario orzamentario plurianual, o anteproxecto de orzamento, o plan xeral anual de actuación, o de investimentos e o estratéxico, cando así proceda, así como as memorias de xestión do instituto.
- d) Aprobar e render as contas anuais nos termos sinalados pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, e autorizar as operacións de crédito.



- e) Executar a política xeral, científica e tecnolóxica.
  - f) Exercer cantas facultades lle foron delegadas polo Consello Reitor, executar e facer cumprir os seus acordos e as disposicións do Ministerio de Defensa.
  - g) Acordar a revisión de oficio, respecto dos actos ditados polos órganos del dependentes e resolver as reclamacións previas en asuntos civís e laborais no ámbito da súa competencia, de conformidade co previsto no artigo 52.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril.
  - h) Celebrar contratos, acordos e convenios de colaboración no ámbito da súa competencia e executar as encomendas de xestión que se lle encarguen ao organismo.
  - i) Aprobar o manual de organización do INTA.
  - j) Aprobar os plans de igualdade do Instituto.
  - k) Elevar ao Consello Reitor para o seu coñecemento a organización que derive do desenvolvemento do estatuto.
  - l) Conceder bolsas e premios no ámbito da investigación.
  - m) Elevar e propoñer ao Consello Reitor o resto das cuestións e decisións que deben ser adoptadas ou coñecidas polo dito órgano colexiado, dentro das funcións recoñecidas a este no artigo 12.
  - n) En xeral, exercer todas aquelas competencias que se lle atribúan por unha norma legal ou regulamentaria, así como coñecer, resolver e executar cantos asuntos non estean atribuídos expresamente ao Consello Reitor e afecten o bo goberno e administración do INTA.
3. O director xeral, logo de autorización do Consello de Ministros, se é o caso, poderá acordar o alleamento dos títulos representativos do capital de sociedades mercantís participadas, directa ou indirectamente, polo INTA.
4. Así mesmo, o director xeral poderá allear os bens mobles e activos inmateriais pertencentes ao INTA.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade será suplido polo subdirector xeral de Coordinación e Plans.
6. Encóntranse integradas na dirección xeral:
- a) A Asesoría Xurídica do INTA, órgano asesor en materia xurídica do citado organismo, que emitirá os informes que lle sexan solicitados polos órganos directivos do instituto. A función asesora exerceuse con dependencia funcional e baixo a dirección da Asesoría Xurídica Xeral do Ministerio de Defensa.
  - b) A Intervención Delegada exercerá a función interventora, o control financeiro e a auditoría pública nos termos previstos pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, e o exercicio da notaría militar, na forma e condicións establecidas nas leis. Dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Xeral da Defensa.
- Ambos os órganos terán o nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Da estrutura do instituto*

##### *Artigo 17. Estructura orgánica do Instituto.*

1. O INTA, para o seu funcionamento e administración, contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependentes do director xeral, dúas das cales son órganos de xestión e apoio técnico e as outras catro restantes correspóndense coas áreas científico-técnicas do organismo:
- a) Secretaría Xeral.
  - b) Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.
  - c) Subdirección Xeral de Sistemas Espaciais.
  - d) Subdirección Xeral de Sistemas Aeronáuticos.
  - e) Subdirección Xeral de Sistemas Terrestres.
  - f) Subdirección Xeral de Sistemas Navais.
2. Os titulares destas unidades serán designados polo secretario de Estado de Defensa por proposta do director xeral.

*Sección 3.ª Dos órganos de xestión**Artigo 18. Secretaría Xeral.*

1. A Secretaría Xeral terá as seguintes funcións:

- a) Implantar e efectuar o seguimento dos plans, manuais, procedementos e infraestrutura necesarios para garantir a seguridade integral do INTA.
- b) Preparar e xestionar a planificación xeral das actividades de réxime interior, así como organizar, coordinar, planificar e executar os servizos de rexistro, arquivo central, documentación, biblioteca, publicacións e demais servizos xerais do INTA.
- c) Xestionar os recursos humanos, elaborar e realizar a proposta da nómina, manter relacións con outras unidades e órganos de representación competentes na materia, así como efectuar a programación e promoción dos programas de formación.
- d) Xestionar e manter o inventario do activo material e inmaterial.
- e) Xestionar os bens mobles e inmobles do INTA, así como os dereitos constituídos sobre estes, e proceder ao recoñecemento, clasificación e posterior destino do material inútil ou non apto para o servizo do organismo.
- f) Administrar e xestionar os ingresos e gastos, así como a tesouraría, realizar cobramentos e pagamentos, o control de todos os recursos económicos e financeiros e, en xeral, todos os asuntos de natureza económica que afectan o INTA.
- g) Preparar e elaborar o anteproxecto de orzamentos, así como o escenario orzamentario plurianual coa colaboración da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.
- h) Realizar a xestión contable e elaborar as contas anuais.
- i) Tramitar e xestionar os expedientes de contratación, así como realizar o seu seguimento.
- j) Administrar as participacións accionariais que teña o INTA en sociedades mercantís.
- k) Manter, conservar e executar as obras de edificios e instalacións, así como elaborar os plans de investimentos para estes.
- l) Levar a xestión da prevención de riscos laborais, sen prexuízo das facultades que nesta materia corresponden ao director xeral, conforme o disposto na súa normativa.
- m) Elaborar os plans de igualdade e acometer o seu seguimento anual.
- n) Xestionar a infraestrutura informática e as comunicacións, así como planificar, implantar e manter os sistemas de información.
- ñ) Preparar, realizar o planeamento e desenvolver a política ambiental, supervisar e dirixir a súa execución.
- o) Desempeñar a difusión e a imaxe corporativa do instituto, as actividades de comunicación institucional e o exercicio das relacións públicas.

2. A Secretaría Xeral estará radicada nas instalacións do campus de «Torrejón de Ardoz».

3. O secretario xeral desempeñará as funcións de director das instalacións do campus de «Torrejón de Ardoz», coas atribucións reflectidas no artigo 26 deste estatuto.

*Artigo 19. Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.*

1. A Subdirección Xeral de Coordinación e Plans é a responsable da dirección estratéxica e da avaliación, coordinación, control e seguimento das actividades do organismo, e exercerá as seguintes funcións:

- a) Levar as relacións e a coordinación xeral coas Forzas Armadas para o mellor cumprimento dos obxectivos do instituto.
- b) Preparar, propoñer, executar, levar o seguimento e o control do plan estratéxico, en coordinación coas subdireccións xerais tecnolóxicas, asegurando a súa coherencia coas necesidades da defensa, a estratexia estatal de innovación e os programas europeos.

c) Efectuar a planificación, a coordinación e o control das actividades científico-técnicas das subdireccións xerais tecnolóxicas, de conformidade coas directrices do plan estratéxico.

d) Realizar a asignación anual e plurianual dos recursos económicos, humanos e tecnolóxicos a cada actividade dos departamentos tecnolóxicos, en función das propostas elaboradas polas subdireccións xerais respectivas, e as prioridades definidas no plan estratéxico.

e) Confeccionar a análise dos custos, cálculo das tarifas e prezos públicos que se van aplicar na prestación dos servizos.

f) Avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan estratéxico e nos de carácter anual e plurianual.

g) Colaborar coas subdireccións xerais na participación do INTA en iniciativas de programas nacionais e internacionais, mediante a análise de convocatorias e propostas.

h) Avaliar a viabilidade operativa e económica dos programas e proxectos propostos polas subdireccións xerais tecnolóxicas.

i) Efectuar o seguimento das actividades, do funcionamento e dos resultados dos centros do INTA, das unidades de investigación e desenvolvemento creadas con universidades e organismos da Administración xeral do Estado, autonómica, local e da Unión Europea, e das dos axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, conforme o disposto neste estatuto, para cumprimento dos obxectivos marcados na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

j) Realizar a avaliación, análise de oportunidade, xestión e tramitación dos convenios de colaboración, acordos, memorando de entendemento e encomendas de xestión que se celebren.

k) Diseñar e elaborar a información estratéxica do INTA en coordinación coa secretaría xeral e coas subdireccións xerais.

l) Elaborar, actualizar e desenvolver o manual de organización.

m) Levar as relacións e a coordinación xeral con organismos científicos e tecnolóxicos nacionais e internacionais e a participación nos diferentes foros e eventos nos cales sexa precisa a representación institucional do INTA.

n) Desenvolver a política comercial do organismo e realizar a promoción, xestión, protección e transferencia da propiedade industrial e intelectual, así como do coñecemento.

ñ) Divulgar a cultura científica, tecnolóxica e as actividades educativas, así como despregar as accións de promoción e difusión da oferta científico-técnica, a transferencia de resultados de investigación, e as relacións de cooperación nacional e internacional relativas á execución dos programas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

o) Facilitar a asistencia institucional aos departamentos tecnolóxicos nos proxectos europeos e nas actividades de investigación ou de prestación de servizos na súa relación con outros organismos, incluídos os financiadores, de carácter nacional e internacional, promovendo a participación en proxectos da dita natureza.

2. A Subdirección Xeral de Coordinación e Plans situarase nas instalacións do campus de «Torrejón de Ardoz».

3. O titular da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans exercerá as seguintes funcións:

a) Exercer a representación do INTA, por delegación do director xeral, nos casos en que este lla encomende.

b) Representar o director xeral en todas aquelas funcións que lle poida encomendar ou asignar expresamente, sen prexuízo da delegación de competencias que lle poida atribuír no exercicio do seu cargo.

c) Suplir o director xeral nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

## Sección 4.<sup>a</sup> Dos órganos de execución

### Artigo 20. *Subdirección Xeral de Sistemas Espaciais.*

1. A Subdirección Xeral de Sistemas Espaciais será a encargada da xestión dos recursos e da execución dos programas e proxectos de investigación científica e técnica, así como da prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito aeroespacial e das ciencias do espazo, sen prexuízo da necesaria colaboración que deba prestar ás restantes subdireccións xerais para a execución de calquera programa e proxecto que se encontre interrelacionado ou conexo, todo iso de acordo cos obxectivos e plans anuais e plurianuais elaborados pola Subdirección Xeral de Coordinación e Plans para satisfacer a demanda do Ministerio de Defensa, o Plan estatal de investigación científica e técnica e o Plan estatal de innovación ou doutros organismos de carácter nacional, estranxeiro ou supranacional.

2. En particular, desempeñará as seguintes funcións:

a) Levar a xestión e o control dos centros operativos ou de experimentación relacionados coa súa actividade.

b) Preparar tecnicamente os convenios de colaboración en materia da súa competencia.

c) Xestionar técnica e administrativamente as actividades de investigación, desenvolvemento, innovación, experimentación e certificación da súa competencia, incluídos os investimentos aprobados, coa colaboración e apoio da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans e da Secretaría Xeral.

d) Atender as relacións de cooperación nacional e internacional necesarias para a execución dos proxectos de investigación, desenvolvemento, experimentación e certificación, no ámbito da súa competencia, en colaboración coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.

e) Colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na comercialización e transferencia de tecnoloxía.

f) Asesorar e colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na elaboración dos plans de I + D + i.

3. Así mesmo, desempeñará as funcións que se encontren asociadas a programas ou proxectos en que participe o INTA, tales como:

a) Realizar o desenvolvemento, a análise e a avaliación de plataformas espaciais e das súas cargas útiles.

b) Executar as operacións espaciais a través da xestión dos centros de seguimento de satélites do INTA.

c) Levar o soporte e a xestión de segmentos terrestres.

d) Realizar estudos e desenvolvementos relacionados coa óptica espacial.

e) Executar campañas de teledetección e explotación de datos e observación da Terra.

4. A Subdirección Xeral de Sistemas Espaciais establecerase nas instalacións do campus de «Torrejón de Ardoz».

### Artigo 21. *Subdirección Xeral de Sistemas Aeronáuticos.*

1. A Subdirección Xeral de Sistemas Aeronáuticos será a responsable da xestión dos recursos e execución dos programas e proxectos de investigación científica e técnica, así como da prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito aeronáutico, de experimentación e certificación de aeronaves, sen prexuízo da necesaria colaboración que deba prestar ás restantes subdireccións xerais para a execución de calquera programa e proxecto que se encontre interrelacionado ou conexo, todo iso de acordo cos obxectivos e plans anuais e plurianuais, elaborados pola Subdirección Xeral de Coordinación e Plans para satisfacer a

demanda do Ministerio de Defensa, o Plan estatal de investigación científica e técnica e o Plan estatal de innovación ou doutros organismos de carácter nacional, estranxeiro ou supranacional.

2. En particular, desempeñará as seguintes funcións:

a) Levar a xestión e o control dos centros operativos ou de experimentación relacionados coa súa actividade.

b) Preparar tecnicamente os convenios de colaboración en materia da súa competencia.

c) Xestionar técnica e administrativamente as actividades de investigación, desenvolvemento, innovación, experimentación e certificación da súa competencia, incluídos os investimentos aprobados, coa colaboración e apoio da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans e da Secretaría Xeral.

d) Atender as relacións de cooperación nacional e internacional necesarias para a execución dos proxectos de investigación, desenvolvemento de experimentación e certificación, no ámbito da súa competencia, en colaboración coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.

e) Colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na comercialización e transferencia de tecnoloxía.

f) Asesorar e colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na elaboración dos plans de I + D + i.

3. Así mesmo, desempeñará as funcións que se encontren asociadas a programas ou proxectos nos cales participe o INTA, tales como:

a) Efectuar a execución do deseño, ensaio, avaliación e asesoramento en materia de sistemas de propulsión.

b) Levar a xestión e operación das plataformas aéreas consideradas como instalación científica tecnolóxica singular.

c) Realizar análises, deseños e ensaios de estruturas e mecanismos, así como a caracterización, optimización e desenvolvemento de procesos de materiais e a práctica de ensaios relacionados coas infraestruturas.

d) Diseñar e desenvolver sistemas aeronáuticos completos e especificamente de sistemas de aeronaves non tripuladas.

e) Efectuar a cualificación e certificación de aeronaves, así como a cualificación de sistemas de armamento aéreo.

4. A Subdirección Xeral de Sistemas Aeronáuticos asentárase nas instalacións do campus de «Torrejón de Ardoz».

#### Artigo 22. *Subdirección Xeral de Sistemas Terrestres.*

1. A Subdirección Xeral de Sistemas Terrestres asumirá a responsabilidade da xestión dos recursos e da execución dos programas e proxectos de investigación científica e técnica, así como da prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito das tecnoloxías da defensa e seguridade, e sistemas terrestres, sen prexuízo da colaboración que deba prestar ás restantes subdireccións xerais para a execución de calquera programa e proxecto que se encontre interrelacionado ou conexo, todo iso de acordo cos obxectivos e plans anuais e plurianuais, elaborados pola Subdirección Xeral de Coordinación e Plans para satisfacer a demanda do Ministerio de Defensa, o Plan estatal de investigación científica e técnica e o Plan estatal de innovación ou doutros organismos de carácter nacional, estranxeiro ou supranacional.

2. En particular, desempeñará as seguintes funcións:

a) Levar a xestión e o control dos centros operativos ou de experimentación relacionados coa súa actividade.



b) Preparar tecnicamente os convenios de colaboración en materia da súa competencia.

c) Xestionar técnica e administrativamente as actividades de investigación, desenvolvemento, innovación, experimentación e certificación da súa competencia, incluídos os investimentos aprobados, coa colaboración e apoio da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans e da Secretaría Xeral.

d) Atender as relacións de cooperación nacional e internacional necesarias para a execución dos proxectos de investigación, desenvolvemento de experimentación e certificación, no ámbito da súa competencia, en colaboración coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.

e) Colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na comercialización e transferencia de tecnoloxía.

f) Asesorar e colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na elaboración dos plans de I + D + i.

3. Así mesmo, desempeñará as funcións que se encontren asociadas a programas ou proxectos en que participe o INTA, tales como:

a) Desenvolver a enxeñaría de sistemas terrestres electro-ópticos e acústicos.

b) Efectuar a caracterización de sistemas de armas terrestres, para certificar e optimizar a súa eficacia operativa.

c) Caracterizar, certificar e optimizar as prestacións das plataformas terrestres, militares e civís.

d) Realizar análises e avaliar os sistemas relacionados coa defensa NBQR e os seus ensaios.

e) Investigar, desenvolver, avaliar, certificar e validar os sistemas de comunicacións e información, simulación e todos aqueles relacionados coas novas tecnoloxías da información e a ciber seguridade.

4. A Subdirección Xeral de Sistemas Terrestres situarase nas instalacións do campus «La Maraños».

5. O titular desta subdirección xeral desempeñará o cargo de director das instalacións do campus «La Maraños», coas atribucións reflectidas no artigo 26 do estatuto.

#### Artigo 23. *Subdirección Xeral de Sistemas Navais.*

1. A Subdirección Xeral de Sistemas Navais será a encargada da xestión dos recursos e da execución dos programas e proxectos de investigación científica e técnica, así como da prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito da hidrodinámica, sen prexuízo da colaboración que deba prestar ás restantes subdireccións xerais para a execución de calquera programa e proxecto que se encontre interrelacionado ou conexo, todo iso de acordo cos obxectivos e plans anuais e plurianuais, elaborados pola Subdirección Xeral de Coordinación e Plans para satisfacer a demanda do Ministerio de Defensa, o Plan estatal de investigación científica e técnica e o Plan estatal de innovación ou doutros organismos de carácter nacional, estranxeiro ou supranacional.

2. En particular, exercerá as seguintes funcións:

a) Preparar tecnicamente os convenios de colaboración en materia da súa competencia.

b) Xestionar técnica e administrativamente as actividades de investigación, desenvolvemento, innovación, experimentación e certificación da súa competencia, incluídos os investimentos aprobados, coa colaboración e apoio da Subdirección Xeral de Coordinación e Plans e da Secretaría Xeral.

c) Atender as relacións de cooperación nacional e internacional necesarias para a execución dos proxectos de investigación, desenvolvemento de experimentación e certificación, no ámbito da súa competencia, en colaboración coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans.

d) Colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na comercialización e transferencia de tecnoloxía.

e) Asesorar e colaborar coa Subdirección Xeral de Coordinación e Plans na elaboración dos plans de I + D + i.

3. Así mesmo, desempeñará as funcións que se encontren asociadas a programas ou proxectos en que participe o INTA, tales como:

a) Investigar, realizar estudos e experimentar, mediante ensaios con modelos e formas de buques, equipamentos e dispositivos mariños, nos seus aspectos hidrodinámicos.

b) Realizar estudos e proxectos de enxeños e artefactos flotantes, así como realizar a certificación das velocidades previsibles para o buque e a súa eficiencia enerxética.

4. A Subdirección Xeral de Sistemas Navais situarase nas instalacións do campus de «El Pardo».

5. O titular desta Subdirección Xeral desempeñará o cargo de director das instalacións do campus de «El Pardo», coas atribucións reflectidas no artigo 26 do estatuto.

### *Sección 5.<sup>a</sup> Dos departamentos tecnolóxicos e dos centros de instalacións científico-técnicas*

#### *Artigo 24. Departamentos tecnolóxicos do INTA.*

1. Baixo a dependencia orgánica e funcional das respectivas subdireccións xerais, os departamentos tecnolóxicos, que estarán situados nas instalacións sitas nos campus de «Torrejón de Ardoz», «La Marañosa» e «El Pardo», desempeñarán as actividades que se lles atribúan nas normas de desenvolvemento deste estatuto, sen prexuízo das que lles poida encomendar o director xeral, de acordo coas súas respectivas capacidades.

2. Os departamentos tecnolóxicos estarán dirixidos, tanto á xeración de coñecemento, manifestando as súas actividades por medio de estudos, publicacións ou patentes, como orientados á obtención de recursos económicos pola prestación de servizos e o exercicio de actividades, de acordo coas capacidades específicas que se atribúan a cada un deles.

3. Corresponderá ao director xeral a determinación da estrutura e situación nos campus dos departamentos tecnolóxicos e, se é o caso, a atribución de actividades, de acordo coas súas respectivas capacidades. Así mesmo, poderá modificar a dependencia orgánica e funcional dos diferentes departamentos tecnolóxicos respecto de cada subdirección xeral.

#### *Artigo 25. Centros de instalacións científico técnicas do INTA.*

1. Baixo a dependencia orgánica das respectivas subdireccións xerais, os centros de instalacións científico- técnicas desempeñarán as actividades que se lles atribúan nas normas de desenvolvemento deste estatuto, de acordo coas súas respectivas capacidades.

2. Os centros de instalacións científico-técnicas dependerán organicamente das subdireccións xerais nos termos que se determinen nas normas de desenvolvemento deste estatuto.

3. Corresponderá ao director xeral a determinación da estrutura dos centros de instalacións científico-técnicas e, se é o caso, a atribución de actividades de acordo coas súas respectivas capacidades. Así mesmo, poderá modificar a dependencia orgánica e funcional dos diferentes centros de instalacións respecto de cada subdirección xeral.

*Sección 6.<sup>a</sup> Da dirección dos campus do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial  
«Esteban Terradas»*

*Artigo 26. Dirección dos campus do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas».*

1. O INTA contará, para a execución das súas actividades e o desempeño das súas funcións, coas adecuadas instalacións sitas, principalmente, nos campus de «Torrejón de Ardoz», «La Marañosa» e «El Pardo», nas cales se situarán as respectivas subdireccións xerais nos termos sinalados nos artigos anteriores.

2. Os directores dos campus exercerán as seguintes funcións:

- a) Executar as actividades que lles sexan encomendadas polo director xeral do INTA.
- b) Apoiar e colaborar, se é o caso, coa Secretaría Xeral na xestión das funcións que lles atribúe o artigo 18 respecto de calquera actividade que afecte as instalacións e os departamentos tecnolóxicos.
- c) Asesorar e colaborar co director xeral do INTA nas actividades que incidan no funcionamento das instalacións e dos departamentos tecnolóxicos.
- d) Coordinar as actividades das instalacións científico técnicas da súa dependencia, respecto das actuacións que sexan levadas a cabo polas outras subdireccións xerais non situadas neles.

### CAPÍTULO III

#### Convenios de colaboración

*Artigo 27. Convenios de colaboración.*

1. O INTA, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, poderá subscribir convenios de colaboración con outros axentes públicos ou privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

2. Nestes convenios, que estarán suxeitos ao dereito administrativo, incluíranse as achegas realizadas polos intervenientes, así como o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados deberase realizar cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

3. O obxecto destes convenios non poderá coincidir co de ningún dos contratos regulados na lexislación sobre contratos do sector público.

4. A creación de centros, institutos e unidades de investigación a través deste tipo de convenios de colaboración axustarase ás disposicións deste estatuto e ás demais normas que sexan de aplicación.

5. Poderanse celebrar, así mesmo, convenios con institucións e empresas estranxeiras como forma de promoción da internacionalización do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

6. Por medio de convenios, o INTA poderá participar na creación e no mantemento de unidades de I+D de carácter mixto e titularidade compartida con universidades e outros

organismos públicos, así como asociar persoal investigador propio a universidades ou organismos públicos sen que perdan, en ningún caso, a súa pertenza ou vinculación ao instituto.

7. Así mesmo, o INTA, mediante convenio e con suxeición ás demais normas que sexan de aplicación, poderá asociar ás súas subdireccións xerais de execución e unidades de I+D persoal investigador procedente de universidades ou doutros organismos públicos, sen que, en ningún caso, perdan a súa pertenza ou vinculación ao organismo de orixe.

8. Mediante convenios con departamentos ministeriais, comunidades autónomas, entidades locais ou outros organismos públicos, o INTA poderá constituír unidades especiais de I+D para a realización de proxectos ou programas de investigación, desenvolvemento ou innovación tecnolóxica que sexan considerados de especial interese polo Ministerio de Defensa. Estas unidades especiais rexeranse polos órganos que se establezan nos respectivos convenios de creación e nas demais normas que sexan de aplicación.

9. O INTA poderá establecer convenios con universidades e organismos das administracións públicas ou con organismos internacionais para a creación de unidades de investigación e desenvolvemento que sexan necesarias para conseguir os obxectivos de programas nacionais ou das comunidades autónomas, ou de programas comunitarios encadrados no programa-marco correspondente.